

Por resolución da Xerencia do 10 de abril do 2025, convócase proceso de selección para elaborar unha listaxe de agarda **da categoría profesional de condutor, grupo IV.1, do cadro de persoal laboral**, da Universidade de Santiago de Compostela.

Por resolución do mesmo órgano publicada no taboleiro electrónico da USC o 30 de abril de 2025, publicouse a listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas ao proceso.

Rematado o prazo de presentación de emendas, o xerente resolve:

1. Aprobar e publicar a **listaxe definitiva** de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección.
2. Declarar admitidas e excluídas ás persoas que se relacionan no Anexo I desta resolución.
3. Convocar ás persoas que se relacionan no Anexo II deste resolución para a realización do segundo exercicio, que se celebrará o **martes, 10 de xuño ás 11:00 no Campus de Lugo. A localización exacta da proba será publicada xunto cos criterios de avaliación e corrección da mesma.**
4. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos demais exercicios efectuarase no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado> , así como en calquera outro que o tribunal estime conveniente

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20/05/2025 14:36:30.

CSV: A2F7-5E08-4110-ADBE